




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costa de Santo Adrián a Roncudo. Municipio: Malpica de Bergantiños. Parroquias: San Xulián de Malpica de Bergantiños, no centro e norte; e San Tirso de Vilanova de Santiso ao sur. Extensión: 1,75 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A península de Santo Adrián está formada por un monte macizo, o Monte Beo, de 182 m de altitude, con pendentes elevadas e vertentes bastante regulares. A costa oeste contén acantilados baixos e suaves, e vertentes superiores graduais, de perfil xeralmente cóncavo e que van aumentando a pendente a medida que se ascende. Existen plataformas rochosas na fronte acantilada, estendendo a parte baixa do perfil. A área do Bico do Castro presenta unha sucesión de dous perfís cóncavos. O primeiro ascende ata esta cima, a 158 m de altitude. O segundo parte deste e baixa inicialmente por un corredor deprimido, debido a unha fractura, e sube despois suavemente ata o cumo do Monte Beo. A parte sur da unidade presenta unha vertente máis suave e regular que ascende pola ladeira meridional do cumo principal, mentres as paredes frontais tenden á verticalidade. Inclúe o EIX Depósitos antigos costeiros da Península de Santo Adrián.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade está modelada en ortogneis herciniano. Só aparecen xistos e gneises albíticos do Dominio da Foa Blastomilonítica, de Idade precámbrico-silúrica na parte baixa dos acantilados entre Punta das Salgueiras e Punta do Castro.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Subhúmido en toda a vertente acantilada: temperatura media anual por riba de 14° C e precipitacións medias acumuladas entre 1000 mm e 1200 mm. A oscilación térmica acadará valores medios entre 12,5° C e 13,5° C.

OS SOLOS

A península de Santo Adrián ten solos moi pobres por mor da superficialidade do macizo granítico e da forte pendente das súas ladeiras. Trátase dun leptosol lítico. Pero na vertente meridional, menos pendente, aparece un umbrisol dístrico, transición cara aos solos máis evolucionados das partes baixas.


AS AUGAS

Tramo acantilado sen rede fluvial significativa. Na vertente tan só se forman pequenas valgadas de escasa prolongación continental que desaugan na masa de Augas Costeiras da costa do Cabo Santo Adrián (20133).

O PATRIMONIO NATURAL

Toda a unidade se atopa no LIC Costa da Morte. Fronte acantilada que desenvolve o hábitat 1230 de cantís costeiros atlánticos. Ademais, en plataformas e coídos aparece o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Existencia varias grutas que suman o hábitat 8330, furnas mariñas mergulladas ou semimergulladas. Sobre as paredes, as vertentes conteñen os hábitats 4030, breixeiras secas europeas e 4040, breixeiras secas atlánticas costeiras con Erica vagans. Nalgunhas valgadas desenvólense áreas hidromorfas con breixeiras húmidas que poden incluírse no hábitat 4020, breixeiras húmidas atlánticas de Erica ciliaris e Erica tetralix. Zona incluída no inventario de áreas de importancia para as aves (IBA). Afloramentos graníticos engaden os hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Dadas as condicións de vento e solo da unidade, priman as formacións vexetais costeiras precedidas dunha área acantilada. No medio destas zonas de matogueira aparecen pequenas zonas hidromorfas asociadas ao paso dalgún regato nos meses invernales e algunha rodal de piñeiro americano ligado á produción industrial de madeira.

MORFOLOXÍA

O parcelario está oculto pola vexetación, aínda que nos lugares máis próximos á costa, onde o seu porte é menor, é posible distinguir muros de pedra que delimitan os campos, o que lle confire a este espazo un grande valor etnolóxico. Non existe presenza de asentamentos humanos nin de edificacións illadas asociadas a actividades antrópicas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Na unidade tan só existen sendeiros que a percorren paralelamente ás curvas de nivel.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade existe un elemento arqueolóxico de interese: o Castro celta do Bico Santo, que na actualidade constitúe o único referente de asentamento humano na zona.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Predominan os aspectos naturais e ecolóxicos. Trátase dunha paisaxe que permite gozar dun contorno excepcionalmente ben conservado e que compón, xunto coas unidades que a flanquean, un espazo costeiro pouco antropizado ideal para o gozo e a contemplación da paisaxe circundante, como as Illas Sisargas situadas no extremo setentrional do Cabo Santo Adrián.

DINÁMICA DA PAISAXE

Na década dos 50 do século XX este espazo estaba ocupado por parcelas, pradarias na súa maioría, que se foron abandonando dada a escasa potencia e produtividade do solo. Na actualidade, o crecemento espontáneo sobre estes antigos campos de labor borrou a presenza humana na zona, que só é perceptible nalgún cerramento ou, se nos retrotraemos no tempo, no castro de Bico Santo.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O alto valor paisaxístico da unidade está asociado non só ás calidades intrínsecas da unidade, senón tamén á calidade da paisaxe circundante. A presenza das Illas Sisargas xunto aos imponentes acantilados costeiros confiren a este punto da costa uns excepcionais valores de calidade, feito que se recolle coa súa inclusión na Rede Natura 2000. Proponse como punto de observación a atalaia natural do Castro do Bico Santo, dende onde se goza dunha excepcional vista.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



